ORGANIZAN:
Concello de Boborás
Asociación Cultural A BATALLA

PATROCINA:
Deputación de Ourense

## ALOXAMENTO EN BOBORÁS

Aldea Rural Pazos de Arenteiro........988402337
Casa Anxeliña (Fondo de Vila)..........657344534
Casa Brués..........988285348
O Forno do Curro (Feás)..........609855238
Pazo da Almuzara..........988402175

## PARA COMER NA FESTA

Haberá postos de comida no patio da Rectoral.
Aldea Rural Pazos de Arenteiro..........988402337
Bar A Ponte..........988402002

## UN POUCO DA HISTORIA

por Samuel Eiján*

Por los mismos días vemos en el Ribero entrar en acción a un célebre personaje, llamado popularmente Cachamuiña y por nombre de pila, Bernardo González, a quien envió el Marqués de la Romana para rehacer las fuerzas dispersas, procediendo a una vigorosa y rápida organización. Instalado su cuartel general en Boborás con elementos de los Voluntarios del Ribero, extendió desde allí sua acción de defensa a los pueblos del Avia, interviniendo así directamente en los descalabros parciales que sufrió el enemigo los días 27 y siguientes en los lugares del centro del Ribero, dignos algunos de mención especial por su relativa importancia. He aquí como hace memoria de ellos el tantas veces citado documento del Alcalde de Ribadavia: <<El 28 de Febrero salió de esta villa una partida de 30 franceses a exigir víveres al lugar de Cabanelas y Pazos de Arenteiro. El paisanaje las atacó matándoles seis, y los demás se escaparon precipitada y vergonzosamente. En 1.º de Marzo fueron igualmente rechazados en mayor número de los lugares de Barón Gomariz y San Clodio, con pérdidas de algunos soldados y varios caballos, con la de los ranchos y de todo lo robado.

>>Resentidos los franceses de tan dulces recibimientos, especialmente del que tuvieron en Cabanelas, destacaron 1.000 hombres de caballería e infantería para la justa correspondencia, quienes se presentaron en la madrugada del 2 de Marzo al frente de dicho lugar y junto al puente de Pazos. Los paisanos habían previsto lo que les podía suceder, y dando parte al intrépido Capitán D. Bernardo González, comisionado por el Excmo. Sr. Marqués de la Romana para la reunión de dispersos y defensa del país, a beneficio de sus providencias se provistaron de armas y municiones, y, reunidos con algunos dispersos, tomaron las posiciones que dicho Capitán les señaló.

>>Las fuerzas enemigas eran duplicadas, atendida la cualidad de sus armas, pues que entre nuestros paisanos apenas había 300 fusiles y escopetas; sin embargo, el fuego duró toda la mañana, y aunque la escasez de municiones nos hizo presagiar alguna vez el mal resultado de esta acción, con todo eso, cansado el enemigo de hacer descargas cerradas contra las rocas y muros de viñas, desde donde se les correspondía con fuego lento y graneado, que les causó un terrible estrago, se retiró precipitadamente, habiendo entrado al anochecer en Ribadavia con todo el aparato de una música asombrosa, para disimular la confusión y vergüenza que traía consigo.>>

**fragmento extraído da obra Historia de Ribadavia y sus alrededores escrita polo P. Samuel Eiján. 1920*

Deseño e ilustracións: drp

## VESTIR DE ÉPOCA




## AS ALARMAS

As alarmas eran unidades civís de combate organizadas espontaneamente polos veciños para a defensa das cidades, aldeas e campos. Adoitaban agrupar a paisanos dunha mesma poboación ou de aldeas da parroquia e os seus compoñentes elixían a un líder natural entre curas, militares, personaxes relevantes ou caciques. As alarmas de San Clodio e Boborás creceron coa incorporación de militares e combatentes de todas as procedencias, coñecidos como chouceiros porque portaban apeiros de labranza e chuzos. Algunhas alarmas chegaron a ter bandeira propia e como distintivo todos os combatentes portaban a Cruz de Santiago coa cal ademais, a través de distintas cores e materiais, reflectían a xerarquía e o mando dentro do batallón. Así, os xenerais levaban unha cruz dourada no peito que na escala de mandos subalternos pasaba a ser prateada, de pano encarnado e de cinta branca ata o chanzo dos soldados que portaban unha cruz encarnada no seu brazo esquerdo.

## COMO CHEGAR A PAZOS DE ARENTEIRO







- Maxestade, fomos derrotados... pero que viñazo!

Nº II

# A ALARMA DO RIBEIRO

ANO V

Programa da Festa 1809, A BATALLA de Pazos de Arenteiro. BOBORÁS. 13 e 14 de xullo de 2024.



- Vive la France! Vive Napoléon!

# 1.000 SOLDADOS DAS FORZAS DE OCUPACIÓN DIRÍXENSE CARA PAZOS DE ARENTEIRO!!

O rexemento partiu esta mañá dos cuarteis da vila de Ribadavia para respostar aos altercados destes días en Pazos de Arenteiro. Agárdase a súa chegada para o domingo. O pobo, en alerta, fai un chamamento a todas as milicias e voluntarios do Ribeiro.

### SÁBADO 13, 10:30h
**Visita ao campamento francés**

Percorrendo o campamento do exército francés poderémonos facer unha idea do modo de vida e tipo de actividades de preparación para a batalla que se realizaban nesta clase de asentamentos da época.

### SÁBADO 13, 11:00h
**Visita guiada por Pazos**

Coñece o patrimonio histórico e arquitectónico do núcleo de Pazos de Arenteiro, declarado Conxunto Histórico-Artístico.

### SÁBADO 13, 12:30h
**Concerto popular polas rúas do grupo Feitizo de Pau**

### SÁBADO 13, 16:30h
**Entrada do exército francés**

Coa chegada dun destacamento de soldados franceses a Pazos orixinaránse un serie de abusos, detencions e altercados que serán o xerme da Batalla e que poderemos ver escenificados.

### SÁBADO 13, 17:00h
**Lectura do bando francés**

Ordéase poñer a disposición do exército de ocupación todo o que demande.

### SÁBADO 13, 18:00h
**Fusilamento de Don Xose**

Feito preso polos franceses por opoñerse e enfrontarse aos seus saqueos. o cura da parroquia, Don Xosé, é axustizado no patio da Rectoral ante a mirada dunha impotente veciñanza.



- Deixádeo!

### SÁBADO 13, 18:30h
**Exhibición de Esgrima Histórica**

No patio da Rectoral.

### SÁBADO 13, 19:30h
**Dona Hipólita enfróntase aos franceses**

O pobo non atura mais. Enfrontamento a tiros entre franceses e as partidas. Os franceses foxen. Arenga de Xoana e alistamento do pobo no punto clandestino. No patio da Rectoral.

### SÁBADO 13, 21:30h
**Concerto de Comando Curuxas**

No patio da Rectoral

### DOMINGO 14, 10:30h
**Visita ao campamento francés**

Percorrendo o campamento do exército francés poderémonos facer unha idea do modo de vida e tipo de actividades de preparación para a batalla que se realizaban nesta clase de asentamentos da época.

### DOMINGO 14, 11:00h
**Visita guiada por Pazos**

Coñece o patrimonio histórico e arquitectónico do núcleo de Pazos de Arenteiro, declarado Conxunto Histórico-Artístico.
Musica popular co grupo Feitizo de Pau.

### DOMINGO 14, 12:30h
**Chega Cachamuíña!!!**

### DOMINGO 14, 13:30
**BATALLA NA PONTE!!!**



A Ponte da Cruz, un punto estratéxico.

### DOMINGO 14, 14:30h
**Concerto de Leirabuxo**